

LA MISTERIOSA MIRADA DEL FLAMENCO 1667

Diego Céspedes, 2025

ESTREA EN NUMAX: 16.01.2026 | V.O. | +16 | 110 min

Inicios dos 80, nunha vila mineira do deserto chileno, Lidia medra dentro dunha agarimosa familia queer. Cúlpanselles dunha doenza que segundo se di se transmite a través da mirada cando un home namora doutro. Neste western moderno, Lidia emprende unha busca de vinganza onde o amor podería devir o verdadeiro perigo.

«O western queer que Pedro Almodóvar aínda non puido facer»
Diego Lerer, MICROPSIACINA.COM



LA MISTERIOSA MIRADA DEL FLAMENCO

Diego Céspedes, 2025

Entrevista con Diego Céspedes: «A miña película convida a ter esperanza en momentos en que o fascismo está por todos lados»

Por Nicolás Villagra

Que significou para ti a creación desta película? Sempre digo que a miña inspiración vén de moitos lugares. Facer unha película independente é como facer un cadro que se pinta lento, con tempo para cambiar, adaptarse e buscar cousas máis profundas. Unha destas inspiracións é unha historia familiar. Cando era pequeno, vivía cos meus papás nunha poboación de Peñalolén e eles tiñan un salón de peiteado. Todos os que traballaban nese salón de peiteado morreron de SIDA. A miña mamá tiña unha chea de prexuízos con esa enfermidade e transmitiunos moito medo. Creo que aí hai un pouco de influencia.

Aínda que esta vivencia non é a idea principal da película, como foi crecer con este medo? Creo que o que máis me marca é o medo. Como o medo, sumado á ignorancia, termina en decisións catastróficas ou decisións negativas e cunha chea de prexuízos enriba. Isto fala, no fondo, dunha sociedade con tremendos prexuízos. O que me deixa esta experiencia é a comprobación de que os prexuízos existen e que hai unha verdade moitas veces luminosa debaixo diso.

Que foi o que máis che gustou de facer esta película? O elenco, sen dúbida. Traballamos un longo tempo con Roberto Matus no casting para atopar a cada persoa, cunha personalidade que se adaptase ao guión e que puidese enriquecer o personaxe. É unha mestura de actores non naturais, nenos e actores profesionais. Hai caras novas e propostas novas. Quedo cun sentimento de orgullo do cast, porque son xente realmente talentosa, que demostra que pode actuar e que hai máis rostros en Chile dos que estamos afeitos a ver. Podemos seguir explotando esa faceta. Quedan máis historias que contar coas súas caras, nas súas vivencias. Estou moi contento coa plataforma que tiveron, sobre todo as mozas travestis e trans da película.

Como foi a recepción do público xeral da película? Tivo unha moi boa recepción. Foi un camiño súper lindo, sobre todo no estranxeiro. Espero que sexa igual en Chile e en Latinoamérica. A película foi ben recibida sobre todo entre os mozos, porque convida a ter esperanza en momentos en que o fascismo está por todos lados. Estou moi contento coa recepción que tivo.

Por que é importante facer e ver este tipo de películas hoxe? Porque, ao final do día, o tempo na pantalla, sexa de cinema ou de celular, é o que define a calidade de vida da xente. A cultura móvese dentro destes espazos. Hoxe temos novos votantes da ultradereita que, mesmo, votan contra os seus dereitos e os dereitos das minorías. Que esta película teña un espazo e un discurso quere dicir que compite nese tempo en pantalla. E este discurso non busca borrar outros, senón que busca dicir: 'Ollo, acá seguimos vivos e somos iguais'. Para min, iso é un recoñecemento.

Publicado en revistaartefacto.cl